

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 20 DE SETEMBRO DE 2024

PRESIDENTA:

Dona María Sandra Bastos Míguez

VOGAIS:

Dona María Nava Castro Domínguez

Dona María Isabel Couselo Torres en substitución de **Dona Luisa María Sánchez Méndez**

Don Rafael Domínguez Artime

Don Jorge Cubela López

Dona Belén Cachafeiro Anta

Dona María Pilar Ramallo Vázquez

Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

Don Jesús Vázquez Almuiña

Dona Ana Laura Iglesias González

Don Gregorio Luis Agís Gómez en substitución de **Don Carlos Gómez Prado**

Dona Digna Rosa Rivas Gómez

Don Gorka Gómez Díaz

Dona Nuria Rodríguez Rodríguez

Don Javier Iglesias Mougán

Dona María Manuela Rodríguez Pumar

Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo as doce horas e trinta minutos do día 20 de setembro de 2024, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral Servizos Educativos CPF.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. **APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 6 DE SETEMBRO DE 2024** (Expediente 2024058972)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión extraordinaria celebrada o día 6 de setembro de 2024.

2. **DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DIRIXIDAS A ONGDS 2024** (Expediente 2023072117)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión de subvencións de cooperación ao desenvolvemento dirixidas a ONGDs 2024, cuxo contido literal é o seguinte:



 "DATOS DE INTERESE:

- **Bases reguladoras:** aprobadas por Resolución Presidencial RP2024.001037
- **Publicación no BOPPO:** publicadas no BOPPO nº34 do 16 de febreiro de 2024
- **Prazo de presentación de solicitudes:** do 19/02/2024 ao 15/03/2024

 **OBXECTO E REQUISITOS**

O obxecto da convocatoria é regular o procedemento para a concesión de axudas a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para realizar proxectos concretos de cooperación ao desenvolvemento en países empobrecidos, que contribúan á realización de proxectos sociais, aliñados coa Axenda 2030 e os ODS, aprobada por Nacións Unidas en setembro de 2015.

Poderán beneficiarse destas subvencións as ONGD que cumpran os seguintes requisitos:

- *Estar inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia, na Sección "A", polo menos un ano antes do día de publicación desta convocatoria.*
- *Ter domicilio social ou delegación permanente na provincia de Pontevedra. Para estes efectos, entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal permanente de organización, xa sexa contratado ou voluntario e local fixo para a realización de actividades.*
- *Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.*
- *Ter entre os seus fins institucionais expresos a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento e co fomento da solidariedade entre pobos, a cooperación social ou calquera outra actividade de natureza similar.*
- *Non incorrer en ningunha das prohibición previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas*
- *Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de vixencia desta convocatoria.

Durante a convocatoria presentáronse 10 solicitudes, admitindo a trámite 9, logo de que unha delas presentase renuncia.

 **ENTIDADES E PROXECTOS SUBVENCIONADOS**

Concesión das subvencións ás tres entidades cuxos proxectos obtiveron a mellor valoración por importe global de corenta e cinco mil (45.000,00) euros, que representa o máximo das contías que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria de axudas de cooperación ao desenvolvemento dirixidas a ONGDS 2024, conforme ao seguinte detalle:



NIF	ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACIÓN PROXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
G32242422	ASOCIACIÓN AMIGAS DA TERRA	Empoderamiento para el ejercicio de los derechos de las mujeres rurales con la participación política y social, una vida libre de violencias, soberanía alimentaria y autonomía económica en Orocuina (Honduras)	93	15.000,00 €
G80176845	ASAMBLEA DE COOPERACIÓN POR LA PAZ	Mulleres e comunidades fortalecen a súa autonomía económica para a soberanía alimentaria no municipio de Berlín, dpto. De Usulután, El Salvador	92	15.000,00 €
G36833648	SOLIDARIDADE INTERNACIONAL DE GALICIA	Sistemas comunitarios de agua fortalecidos para una gestión hídrica inclusiva y sostenible en Chalatenango	89	15.000,00 €

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

3. DAR CONTA DA POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA +BENESTAR 2024 (Expediente 2023045216)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da posta en marcha do Programa +BENESTAR 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE:

- ✚ **Bases reguladoras:** aprobadas na Xunta de Goberno do 12 de maio de 2024 e modificadas na X.G do 26 de xullo de 2024
- ✚ **Publicación das bases:** 14 de agosto de 2024
- ✚ **Prazo de presentación solicitudes:** Do 16 de agosto ao 5 de setembro de 2024
- ✚ **Dotación:** douscentos vinte e un mil setecentos (221.700,00) euros, con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.



✚ Contratación da xestión desenvolvemento e execución do programa:

- Empresa adxudicada: Halcón Viajes S.A
- Data de formalización: 7/08/2024

¿En que consiste?

Programa dirixido a cidadanía ofrece unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

Ademais da estadía, o paquete comprende pensión completa (coas bebidas incluídas); utilización do spa, do balneario ou doutras instalacións de características similares, un mínimo de dúas horas ao día; e os traslados en autobús.

¿Para quen?

Persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroadas na provincia de Pontevedra
- 2) Ter 55 anos ou máis
- 3) No suposto de ter menos de 55 anos, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:
 - Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou co certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.
 - Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
 - Ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, un respiro familiar.
- 4) Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- 5) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- 6) Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.

Financiamento

221.000, 00 euros - 2.127 prazas

- 2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros)
- 30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros)*

* Poden acceder as persoas que cumpran os requisitos establecidos e carezan de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao seu custo para o que se require valoración social dos servizos sociais comunitarios do concello de residencia.



Fase de execución

A execución estimada do programa será entre o último trimestre do ano e o primeiro trimestre de 2025, en temporada baixa.

Outros datos de interese

Datos do ano 2023 para a modalidade do programa con pernoita:

- 2.500 prazas ofertadas
 - o Réxime xeral: 2.378 prazas
 - o Réxime especial : 122 prazas (SERVIZOS SOCIAIS)
- Orzamento : 47.489,72 euros
- Solicitudes de participación recibidas: 1.828
- Prazas adxudicadas: 1.783
- Financiamento da Deputación:
 - o Unicamente para prazas de servizos sociais cun máximo de 389,26 euros (122 prazas)
 - o As prazas de réxime xeral non tiñan subvención
- As prazas reservadas a servizos sociais eran pouco demandadas (14 en réxime con pernoita e 4 en asistencia diaria) ao igual que nos anos anteriores, motivo polo que para o 2024 se axustaron as convocadas á demanda dos derradeiros anos.

O programa recibiu este 2024 máis de 3.200 solicitudes de participación (actualmente en fase de tramitación dos expedientes).

MAIS INFORMACION e DOCUMENTACION RELACIONADA

Páxina web: <https://www.depo.gal/web/edepo/-/mais-benestar>

Díptico informativo: <https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/diptico-mais-benestar.pdf>

Establecementos e prezos:

https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/Establecementosdepotermal_gal.pdf

Tratamentos gratuítos incluídos: https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/ACTIVIDADES-COMPLEMENTARIAS_GAL.pdf

Actividades de animación sociocultural:

https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/memoria-explicativa-actividades-2024_gal.pdf

Accesibilidade dos establecementos: <https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/Informe-accesibilidade-establecementos-gal.pdf>



A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e trinta e cinco minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

